

CARREIRA PROFESIONAL

CONVOCATORIA 2025

No DOG de hoxe 11 de agosto publicouse a Resolución do 21 de xullo da Dirección Xeral de RRHH do SERGAS pola que **se convoca o procedemento ordinario de acceso aos graos I a IV da carreira profesional** correspondente ao **ano 2025**.

A **petición do grao farase a través de FIDES** e será preciso un **certificado dixital** válido para firmar a solicitude.

O **prazo de presentación de solicitudes** iniciárase o **12.08.2025** e rematará o **30.09.2025** (ambos os días incluídos).

Os **requisitos para o recoñecemento do grao** son:

- Ter a permanencia esixida no grao anterior.
- Ter os méritos necesarios para obter o grao, que deberán estar rexistrados e acreditados ca data límite do 30 de setembro.
- Estar en servizo activo (ou ter reserva de praza) calquera día entre o 1 de agosto e o 30 de setembro.

Valoraranse os méritos acadados dende a data de efecto administrativo do grao anterior ata o último día de prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria (30 de setembro).

As **resolucións estimatorias** de recoñecemento de grao terán **efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2026**.

Lembrede que os seguintes **cursos de ACIS** outorgarán **1 punto** dentro da **área IV** (implicación e compromiso coa organización):

- **"A comunicación coas persoas xordas na consulta"**. Código 2518370.
- **"Sostibilidade no Servizo Galego de Saúde"**. Código 2518710

As **enquisas** dirixidas a valorar as competencias persoais (**área I**) estarán disponibles durante o **mes de outubro**.

Para máis información, acode a túa
sección sindical de CCOO



👉 máis info

11 de agosto do 2025